



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Protección Xurídica do Patrimonio Cultural

Materia	Protección Xurídica do Patrimonio Cultural			
Código	O02M143V03103			
Titulación	Máster Universitario en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Ricoy Casas, Rosa María			
Profesorado	Ricoy Casas, Rosa María			
Correo-e	rricoy@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=1062">http://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=1062</a>			
Descrición xeral	<p>A materia pretende desenvolver no alumnado a capacidade para coñecer e manexar a lexislación aplicable a calquera situación que se presente en relación ao Patrimonio Cultural e adquirir a competencia necesaria para poder coñecer a contorna social, empresarial e administrativo correspondente. Deste xeito, o alumnado poderá coñecer, diferenciar, caracterizar, valorar, documentar, xestionar, protexer ou desenvolver calquera tipo de traballo ou proxecto profesional acorde coa lexislación reguladora específica, sendo coñecedores da xurisprudencia máis importante sobre Patrimonio Cultural.</p> <p>Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.</p>			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A4	Que os estudantes saiban comunicar de forma clara e inequívoca as súas conclusións -e o coñecemento e os motivos definitivos que o sustentan- para o público especializado e non especializado.
B1	Adquirir a capacidade para diferenciar e valorar as diversas expresións do Patrimonio cultural, coñecer as ferramentas para a súa cuantificación e protección, así como as diferentes perspectivas que abordan a súa xestión.
C3	Adquirir a capacidade de redactar proxectos de intervención no Patrimonio Cultural de acordo coa lexislación específica reguladora.
C4	Adquirir a capacidade de catalogar o verdadeiro patrimonio cultural, podendo establecer mecanismos de protección xurídica e preventiva.
D1	Capacidade de comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos diferentes campos do coñecemento e a práctica profesional co obxectivo de lograr unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D9	Coñecer e xestionar a lexislación aplicable ao sector, coñecer a contorna social e empresarial e saber relacionarse coa administración competente integrando este coñecemento no desenvolvemento de proxectos de enxeñería e no desenvolvemento de calquera aspecto do seu traballo profesional.

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Comprender os conceptos chave na contorna do patrimonio, a nivel xurídico, para a súa formación académica e o seu desenvolvemento profesional a través dunha síntese coherente e ordenada do abundante e disperso corpus legal neste ámbito	A4 B1 C3 C4 D1 D9
Capacitar ao alumno para desenvolver proxectos e traballos no ámbito patrimonial con suficientes coñecementos legais, a través de clases eminentemente prácticas	A4 B1 C3 C4 D1 D9

## Contidos

Tema	
1. Protección Xurídica do Patrimonio Cultural: normativa e institucións.	1.1 Breve referencia histórica (lexislación, espolio e restauración) 1.2 Normativa (Local-Autonómica-Estatal-UE-Internacional). Especial referencia ás Leis de Patrimonio Cultural (a nivel nacional e de Galicia). Principais Institucións do Patrimonio Cultural 1.3 ¿Patrimonio Cultural ou Histórico?. Tipos de Patrimonio 1.4 Tipos de Bens. Graos ou Categorias de Declaración
2. Protección Xurídica do Patrimonio Cultural: risco, control e sanción.	2.1 Comercio e exportación. 2.2. Espolio. Detectores de Metais. Tráfico de bens. 2.3. Achados. Tasación. 2.4. Destrución e Sanción.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Seminario	4	20	24
Estudo de casos	1	30	31
Resolución de problemas	0	19	19

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión de 1 hora de duración destinada á presentación da materia, da docente e a toma de contacto co alumnado. Despois de realizar unha breve presentación e toma de contacto entre a docente e o alumnado, explicarase a contorna no que se desenvolverá o módulo (a través de ferramentas de teleformación e telecomunicación); presentarase a materia e os seus obxectivos básicos; realizarase unha explicación básica dos contidos de cada tema e os principais recursos para a súa aprendizaxe; así como o calendario, metodoloxía e criterios de avaliación. Finalmente explicaranse os recursos dispoñibles para porse en contacto coa docente e os compañeiros, formular preguntas ou realizar tutorías online.
Seminario	Estarán a disposición do alumnado 4 horas de tutoría en grupo coa finalidade de orientación, asesoramento e resolución de dúbidas no proceso de aprendizaxe a través de medios de teleformación.
Estudo de casos	Proporase a análise dun ou varios problemas ou casos reais, coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, como medio encamiñado á aplicación práctica da teoría estudada na materia. Realizarase a través de medios de teleformación.
Resolución de problemas	Actividades vinculadas ao desenvolvemento da reflexión, o debate, a crítica e a xeración aberta de alternativas e hipóteses de solución, utilizando os coñecementos e habilidades que pretenden desenvolverse a través desta materia. Realizarase a través de medios de teleformación.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Actividades introductorias	A docente responderá a todas as dúbidas en relación aos contidos da disciplina polo alumnado (de maneira virtual a través de Moovi, titoría virtual previamente concertada, telefónica ou por email).
Seminario	A docente responderá a todas as dúbidas en relación aos contidos da disciplina polo alumnado (de maneira virtual a través de Moovi, titoría virtual previamente concertada, telefónica ou por email).
Estudo de casos	A docente responderá a todas as dúbidas en relación aos contidos da disciplina polo alumnado (de maneira virtual a través de Moovi, titoría virtual previamente concertada, telefónica ou por email).
Resolución de problemas	A docente responderá a todas as dúbidas en relación aos contidos da disciplina polo alumnado (de maneira virtual a través de Moovi, titoría virtual previamente concertada, telefónica ou por email).

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Actividades introductorias	Participación nas clases teóricas e nos foros da disciplina	10	A4 B1 C3 D1 C4 D9
Seminario	Realizaranse probas de avaliación on-line (probas tipo test), sobre os contidos da materia (temas 1 e 2) -sobre as explicacións dos seminarios da docente- na data indicada e cuxa información estará desde o principio do curso dispoñible na plataforma MooVi.O resultado de aprendizaxe avaliada é: Comprender os conceptos clave arredor do patrimonio cultural, a nivel xurídico, para a súa formación académica e o seu desenvolvemento profesional a través dunha síntese coherente e ordenada do abundante e disperso corpus legal neste ámbito.	40	B1 C3 D1 C4 D9
Estudo de casos	Realizaranse os traballos e proxectos propostos pola docente, utilizando ferramentas de entrega remota na data indicada e cuxa información estará desde o principio do curso dispoñible na plataforma MooVi.El resultado de aprendizaxe avaliado é: Capacitar ao alumno para desenvolver proxectos e traballos no ámbito patrimonial con suficientes coñecementos legais, a través de clases eminentemente prácticas.	25	C3 C4
Resolución de problemas	Realizaranse os traballos e proxectos propostos pola docente, utilizando ferramentas de entrega remota na data indicada e cuxa información estará desde o principio do curso dispoñible na plataforma mooVi.O resultado de aprendizaxe avaliada é: a análise crítica de aspectos relacionados co Patrimonio Cultural	25	B1 D1

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Segundo o establecido no [Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado da Universidade de Vigo](#), do 2023, existen dous sistemas de avaliación que o alumnado poderá elixir: o preferente, que se aplicará por defecto, de **avaliación continua** (probas e actividades diversificadas que teñen lugar ao longo do cuadrimestre), e o denominado de **avaliación global** (exames e/ou entrega de traballos/exercicios a realizar nas datas oficiais de avaliación establecidas no calendario académico), que deberá ser expresamente solicitado polo alumnado interesado, e comunicado ao profesorado responsable no prazo máximo de 31 días desde o inicio do cuadrimestre.

As probas de **avaliación global** desta materia consistirán no seguinte: nas mesmas que na avaliación continua.

O alumnado ten dúas convocatorias/oportunidades de avaliación. A primeira lévase a cabo durante o cuadrimestre de docencia. A segunda (ou de 2ª oportunidade) realizarase no mes de xullo, para o cal habilitarase de novo o acceso á plataforma docente.

Para a culminación exitosa da materia, é recomendable o seguimento do cronograma que estará accesible ao comezo do Máster (Faitic), o cal facilitará a debida realización das actividades planificadas pola docente. Non se avaliará ningunha actividade nin traballo presentado fóra de prazo. É recomendable formular calquera dúbida á docente da materia para poder emendala o máis axiña posible e non esperar ao límite da data de entrega.

A avaliación da convocatoria ordinaria e a segunda convocatoria realizarase de igual modo, cos mesmos requisitos.

**Esta materia é English Friendly**, o que implica o seguinte compromiso: A materia impártese en castelán e galego pero o profesorado traduciu a Guía docente ao inglés; Facilitaranse materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, as titorías serán atendidas en inglés, se así o demanda o estudante internacional, e as probas e

avaliacións deseñaranse e implementaranse en inglés (todo isto farase se así o demanda o estudante internacional).

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

### **Bibliografía Complementaria**

AAVV, **250 años de arqueología y patrimonio. Documentación sobre arqueología y patrimonio histórico de la Real Academia de la Historia. Estudio general e índices**, 2003

DÍAZ-ANDREU GARCÍA, G.; MORA RODRÍGUEZ, G.; CORTADELLA I MORRAL, J. (Coord.), **Diccionario histórico de la Arqueología en España**, Marcial Pons, Ediciones de Historia, 2009

MINISTERIO DE CULTURA, **Plan Nacional de Protección del Patrimonio Cultural Subacuático Español: libro verde**, 2010

QUEROL FERNÁNDEZ, M<sup>a</sup>.A, **Manual de Gestión del Patrimonio Cultural**, Akal, 2010

RUIZ MANTECA, R., **Régimen jurídico del patrimonio cultural subacuático**, UNED, 2011

---

## **Recomendacións**

### **Outros comentarios**

A docencia da materia desenvolverase sempre de maneira telemática presencial, ben sexa síncrona ou asíncrona, utilizando a plataforma docente Moodle (MooVi) e participando nas actividades docentes a través de multivideoconferencia (e-meeting, Campus Remoto).

Para poder recibir a docencia de maneira efectiva, recoméndase, previamente ao comezo da materia, consultar o manual de acceso á plataforma e seguir as especificacións técnicas para poder asistir ás sesións remotas. É imprescindible que o alumno acceda á plataforma docente da materia previamente ao comezo da mesma.

Para a culminación exitosa da materia é recomendable o seguimento do cronograma que estará accesible ao comezo do Máster, o cal facilitará a debida realización das actividades planificadas pola docente.

As lecturas obrigatorias da materia están dispoñibles na plataforma MooVi.

Non se avaliará ningunha actividade nin traballo presentado fóra de prazo.

É recomendable formular calquera dúbida á docente da materia para poder emendala o máis axiña posible.

A avaliación da convocatoria ordinaria e a segunda convocatoria realizarase de igual modo.

---